

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL REALIZADA O DÍA 2 DE XUÑO DE 2026

PRESIDENTA:

D^a Diana Piñeiro Fernández

ASISTENTES:

D. Rubén Vázquez Pérez
D^a Patricia Esther Espiñeira Galán
(incorpórase no momento que se expresa nesta acta)
D. Omar Gonzalo Lamela Vázquez
D. Raúl Varela Fraguio
D. Manuel Castro Uzal

INTERVENTORA INTERINA:

D^a Laura Garcia Santiago

SECRETARIA XERAL:

D^a. Pilar María Pastor Novo

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre (A Coruña), sendo as dez horas e catro minutos do día dous de xuño do ano dous mil vinte e seis, reúnese a Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria, co obxecto de celebrar sesión ordinaria baixo a Presidencia da Sra. alcaldesa, D^a. Diana Piñeiro Fernández, e coa asistencia dos/as Sres./as concelleiros/as D. Rubén Vázquez Pérez, D^a Patricia Esther Espiñeira Galán (incorpórase no momento que se expresa nesta acta), D. Omar Gonzalo Lamela Vázquez, D. Raúl Varela Fraguio e D. Manuel Castro Uzal.

Asiste á sesión a interventora interina D^a Laura Garcia Santiago e actúa como secretaria a secretaria xeral do Concello, D.^a Pilar María Pastor Novo, que dá fe do acto.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 133.1.c) do Regulamento orgánico municipal para a válida celebración das sesións, declara aberta a sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN ORDINARIA DO DÍA 26 DE MAIO DE 2026

De conformidade co preceptuado nos artigos 108.2 e 133.4 do ROM, a Presidencia pregunta se existe algunha obxección ou observación á acta da sesión ordinaria celebrada en data 26 de maio de 2026, da que se entregou copia coa convocatoria desta sesión, e non producíndose ningunha, pola Presidencia sométese a votación ordinaria a súa aprobación, sendo aprobada por unanimidade dos/as Sres./a concelleiros/a presentes.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a acta da sesión ordinaria realizada en data 26 de maio de 2026.

2.- BOLETÍNS E CORRESPONDENCIA

De orde da Presidencia, a secretaria xeral dá conta aos asistentes á Xunta de Goberno Local das seguintes publicacións:

- Servizo de Xestión de Plans. Sección de Plans Provinciais, excma. Deputación provincial da Coruña, aprobación do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+2026. BOP número 102, de 02-06-2026.

- Servizo de Xestión de Plans. Sección de Plans Provinciais, excma. Deputación provincial da Coruña, aprobación do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 3/2026. BOP número 102, de 02-06-2026.

3.- PROPOSTAS

(Incorpórase á sesión a concelleira dona Patricia Esther Espiñeira Galán).

3.1. PROPOSTA RELATIVA Á DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA CONSTITUÍDA PARA A OBRA “ORDENACIÓN E MELLORA DA ACCESIBILIDADE NA CONTORNA DO CAMPO DA FEIRA”. EXPEDIENTE NÚMERO 2019/C003/000010

A Presidencia somete a debate e consideración da Xunta de Goberno Local a proposta do concelleiro delegado da Área de Economía, Facenda, Contratación, Réxime Interior e Desenvolvemento Económico de data 29 de maio de 2026 (CVD: cIQRhEVQmqo9HknlZsSn), que transcrita di:

“PROPOSTA DO CONCELLEIRO DELEGADO DA ÁREA DE ECONOMÍA, FACENDA, CONTRATACIÓN, RÉXIME INTERIOR E DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO

Visto que a Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria de data 4 de agosto de 2020, adoptou, entre outros, o acordo de adjudicar o contrato da obra “ORDENACIÓN E MELLORA DA ACCESIBILIDADE NA CONTORNA DO CAMPO DA FEIRA” obra incluída no convenio de cooperación entre a Deputación da Coruña e o Concello de Cambre polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento de dita obra (Convenio 73/2019, do 9 de outubro de 2019), a prol do licitador “Excavaciones y Obras Candal, S.L.”, no importe 39.802,53 euros IVE incluído (32.894,65 euros sen IVE), formalizándose o contrato administrativo o día 13 de agosto de 2020. Exp: 2019/C003/000010.

Visto que no antedito expediente depositouse unha garantía definitiva constituída mediante aval da entidade Banco Santander, S.A. de data 17 de xullo de 2020 por importe de 3.289,46 € (inscrito no rexistro especial de avais co número 0049-7886-81-2110001206), depositado na Tesourería municipal con data de 20 de xullo de 2020 (núm. rexistro 948).

Visto o escrito presentado por Don José Manuel Candal García, segundo di, en representación da empresa “Excavaciones y Obras Candal, S.L.”, con data 10 de xaneiro de 2022 (núm. de rexistro de entrada 202299900000089) no que solicita a devolución da garantía depositada para garantir a correcta execución do contrato.

Visto o informe asinado polo enxeñeiro técnico de obras públicas municipal interino, don Rubén Jiménez Paradelo, de data 22 de abril de 2026, (CVD: r2sjbSpG0d5ZS4sxHmxZ) no que, entre outras cousas, di:

“(…)

INFORME

En relación coa devolución do aval constituído por “Excavaciones y Obras Candal, S.L.” para garantir a correcta execución do contrato “ORDENACIÓN E MELLORA DA ACCESIBILIDADE NA CONTORNA DO CAMPO DA FEIRA” obra en convenio de cooperación entre a Deputación da Coruña e o Concello de Cambre polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento de dita obra (Convenio 73/2019, do 9 de outubro de 2019) - Expediente núm. 2019/C003/000010, transcorrendo o prazo de cinco anos de garantía desde a recepción da obra, e con base no disposto na Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público, infórmase o seguinte:

1. O técnico informante, deixa constancia de que non participou en ningunha fase deste contrato, por ser anterior á toma de posesión do cargo como Enxeñeiro Técnico de Obras Públicas Municipal interino. O presente informe emítese tras a revisión do expediente administrativo, que comprende o contrato formalizado, informes finais e demais documentación técnica e administrativa incorporada ao mesmo.

2. No expediente consta xustificante de depósito de garantía definitiva na Tesourería municipal con número de rexistro 948, para a ordenación e mellora da accesibilidade na contorna do campo da feira, da citada obra: Propietario do metálico: Banco Santander; Garantido: Excavaciones y Obras Candal, S.L. Importe: 3.289,46 euros; Data presentación: 20/07/2020.

3. Unha vez finalizado o prazo de garantía de cinco anos contados desde a recepción da obra establecido no contrato, non consta no expediente ningunha documentación nin reclamación formulada polo Concello de Cambre á empresa adjudicataria, nin se detectaron incidencias técnicas ou contractuais que poidan derivar en responsabilidades pendentes. 4. Por parte do informante non se formula ningunha obxección, polo que pode considerarse extinguida a responsabilidade do contratista, e levarse a cabo a devolución do depósito da garantía definitiva por importe de 3.289,46 euros.

(...)”.

Visto o **INFORME DE INTERVENCIÓN SMH REFERENCIA DEVOLUCIÓN GARANTIA MELLORA CAMPO DA FEIRA 2020**, emitido pola Interventora accidental Sonia Machín Herranz, de data 25 de maio de 2026, (CVD: sFucWIHFz6obYkUK8Mx8), no que entre outras cousas di:

“(…)”

III- CONSIDERACIONES:

Primeira: Responsabilidades a que están afectas as garantías.

O artigo 110 da LCSP dispón:

“La garantía definitiva únicamente responderá de los siguientes conceptos:

a) De la obligación de formalizar el contrato en plazo, de conformidad con lo dispuesto en el artículo 153.

b) De las penalidades impuestas al contratista conforme al artículo 192 de la presente Ley.

c) De la correcta ejecución de las prestaciones contempladas en el contrato incluidas las mejoras que ofertadas por el contratista hayan sido aceptadas por el órgano de contratación, de los gastos originados a la Administración por la demora del contratista en el cumplimiento de sus obligaciones, y de los daños y perjuicios ocasionados a la misma con motivo de la ejecución del contrato o por su incumplimiento, cuando no proceda su resolución.

d) De la incautación que puede decretarse en los casos de resolución del contrato, de acuerdo con lo que en él o en esta Ley esté establecido.

e) Además, en los contratos de obras, de servicios y de suministros, la garantía definitiva responderá de la inexistencia de vicios o defectos de los bienes construidos o suministrados o de los servicios prestados durante el plazo de garantía que se haya previsto en el contrato”

Segunda: O prazo de garantía

O artigo 111.1 LCSP determina que: “La garantía no será devuelta o cancelada hasta que se haya producido el vencimiento del plazo de garantía y cumplido satisfactoriamente el contrato de que se trate, o hasta que se declare la resolución de este sin culpa del contratista”

A cláusula 37 das dos PCA (CVD: /6w3dshfAcDnWqtpNZnn) dispón que:

“ 37) PLAZO DE GARANTÍA

El plazo de garantía tendrá una duración de un año a contar desde la recepción de las obras, salvo que el adjudicatario hubiere ofertado un plazo de garantía mayor ,que en ningún caso será superior a 5 años.

Durante el plazo de garantía el contratista estará obligado a la guarda y conservación de las obras, siguiendo, en su caso, las instrucciones que reciba del Técnico-Director, siendo responsable de los daños intrínsecos que en ella se produzcan.

Si las obras se deteriorasen por incumplimiento de esta obligación, los trabajos necesarios para su reparación se ejecutarán por la Administración contratante, a costa del contratista.”

Terceira: Informe asinado o día 22.04.2026 (CVD: r2sjbSpG0d5ZS4sxHmxZ) polo polo enxeneiro técnico municipal de Obras Públicas .

De conformidade co informe asinado o día 22.04.2026 polo enxeneiro técnico municipal de Obras Públicas, Rubén Jiménez Paradelo no que dí:.

“ 4. Unha vez finalizado o prazo de garantía de cinco anos contados desde a recepción da obra establecido no contrato, non consta no expediente ningunha documentación nin reclamación formulada polo Concello de Cambre á empresa adxudicataria, nin se detectaron incidencias técnicas ou contractuais que poidan derivar en responsabilidades pendentes.

5. Por parte do informante non se formula ningunha obxección, polo que pode considerarse extinguida a responsabilidade do contratista, e levarse a cabo a devolución do depósito da garantía definitiva por importe de 3.289,46 euros

Cuarta: Extremos obxecto de comprobación

- ✓ O informe técnico é favorable á cancelación ou devolución, por transcorrer o prazo de garantía e realizarse a prestación a plena satisfacción.
- ✓ A garantía non está afecta o cumprimento das penalidades impostas ao contratista
- ✓ A garantía non está afecta o cumprimento de obrigacións derivadas do contrato, gastos orixinados á Administración por demora do contratista no cumprimento das súas obrigacións e dos danos e prexuízos ocasionados á mesma con motivo da execución do contrato ou no suposto de incumprimento do mesmo sen resolución
- ✓ A garantía non foi incautada por resolución do contrato
- ✓ Non constan ordes de embargo de autoridades xudiciais ou administrativas, sobre créditos pendentes

IV- CONCLUSION:

Infórmase **favorablemente** a devolución da garantía definitiva depositada pola empresa “Excavaciones y Obras Candal S.L.”, por importe de 3.289,46 euros, correspondente á Contratación da obra de ordenación e mellora da accesibilidade na contorna do Campo da Feira, adxudicada pola Xunta de Goberno Local o día 04.08.2020.

E para que conste e surta os efectos oportunos, expido e asino o presente informe en Cambre na data que figura na marxe.

(...)”.

Visto canto antecede, e vista a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 391/2025, do 30 de abril, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro: Devolver a garantía definitiva constituída mediante aval do Banco Santander, S.A. pola entidade “Excavaciones y Obras Candal, S.L.”, con CIF B15496219, por importe de 3.289,46 euros no expediente número 2019/C003/000010, para a obra “ORDENACIÓN E MELLORA DA ACCESIBILIDADE NA CONTORNA DO CAMPO DA FEIRA”.

Segundo: Notificar este acordo ao interesado e dar traslado do mesmo a Intervención e Tesourería municipais.

De conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, estes acordos poñen fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderán recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo ante a señora alcaldesa (artigo 124 da Lei 39/2015 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo perante a Sección do Contencioso Administrativo do Tribunal de Instancia da Coruña ou a Sala do Contencioso- Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa); todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente”.

Non producíndose intervencións a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta do concelleiro delegado da Área de Economía, Facenda, Contratación, Réxime Interior e Desenvolvemento Económico de data 29 de maio de 2026 (CVD: clQrhEVQmqo9HknlZsSn), resultando aprobada por unanimidade, polo que devén en acordo nos termos anteriormente transcritos.

3.2. PROPOSTA RELATIVA Á DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA CONSTITUÍDA PARA A OBRA “AMPLIACIÓN DO SANEAMENTO EN SIGRÁS DE ABAIXO (SIGRÁS) E FRAIS (CECEBRE)”. EXPEDIENTE NÚMERO 2018/C003/000006

A Presidencia somete a debate e consideración da Xunta de Goberno Local a proposta do concelleiro delegado da Área de Economía, Facenda, Contratación, Réxime Interior e Desenvolvemento Económico de data 29 de maio de 2026 (CVD: zPQc5uo+KB5XEhZrQgPI), que transcrita di:

“PROPOSTA DO CONCELLEIRO DELEGADO DA ÁREA DE ECONOMÍA, FACENDA, CONTRATACIÓN, RÉXIME INTERIOR E DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO

Visto que a Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria de data 12 de novembro de 2019, adoptou, entre outros, o acordo de adjudicar o contrato da obra “Ampliación do saneamento en Sigrás de Abaixo (Sigras) e Fraís (Cecebre), incluída no Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de competencia municipal (Plan Único de Concellos) POS+ Adicional 1/2018 por maior achega provincial”, a prol do licitador “Construcciones J. Mauri e Hijos, S.L.”, no prezo ofertado de 24.292,41 euros IVE incluído (20.076,37 euros sen IVE) formalizándose o contrato administrativo o día 21 de novembro de 2019. Exp: 2018/C003/000006.

Visto que no antedito expediente depositouse unha garantía definitiva constituída mediante aval da entidade Afianzamientos de Galicia, Sociedad de Garantía Recíproca (AFIGAL, S.G.R.) de data 7 de agosto de 2019 por importe de 1.003,82 € (inscrita no rexistro especial de avais co número 50798), depositado na Tesourería municipal con data de 8 de agosto de 2019 (núm. rexistro 901).

Visto que no antedito expediente depositouse unha garantía complementaria constituída mediante aval da entidade Afianzamientos de Galicia, Sociedad de Garantía Recíproca (AFIGAL, S.G.R.) de data 7 de agosto de 2019 por importe de 1.003,82 € (inscrita no rexistro especial de avais co número 50799) depositado na Tesourería municipal con data de 8 de agosto de 2019 (núm. rexistro 902).

Visto o escrito presentado por Dona Ana Rosa Nieto Barreiro, segundo di, en representación da empresa “Construcciones J. Mauri e Hijos, S.L.”, con data 14 de xuño de 2022 (núm. de rexistro de

entrada 202299900003103) no que solicita a devolución da garantía depositada para garantir a correcta execución do contrato.

Visto o informe asinado polo enxeñeiro técnico de obras públicas municipal interino, don Rubén Jiménez Paradelo, de data 20 de abril de 2026, (CVD: BBXUizhnTIOLzd0mHgqP) no que, entre outras cousas, di:

“(…)

INFORME

En relación con la devolución del aval constituido por CONSTRUCCIONES J. MAURI E HIJOS, S.L., para garantizar la correcta ejecución del contrato “AMPLIACIÓN DO SANEAMENTO EN SIGRÁS DE ABAIXO (SIGRÁS) E FRAIS (CECEBRE)”, obra incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos), POS Adicional 1/2018 por maior achega provincial - Expediente núm. 2018/C003/000006, transcorrendo o prazo de cinco anos de garantía desde a recepción da obra, e con base no disposto na Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público, infórmase o seguinte:

- 1. O técnico informante, deixa constancia de que non participou en ningunha fase deste contrato, por ser anterior á toma de posesión do cargo como Enxeñeiro Técnico de Obras Públicas Municipal interino. O presente informe emítese tras a revisión do expediente administrativo, que comprende o contrato formalizado, informes finais e demais documentación técnica e administrativa incorporada ao mesmo.*
- 2. No expediente consta xustificante de depósito de garantía definitiva na Tesourería municipal con número de rexistro 901, para a ampliación do saneamento en sigras de abaixo (sigras) e frais (cecebre) da citada obra: Propietario do metálico: Afigal; Garantido: Construcións J.Mauri e Hijos S.L. Importe: 1.003,82 euros; Data presentación: 08/08/2019.*
- 3. Do mesmo modo, no expediente adxúntase un depósito de garantía complementario na Tesourería municipal con número de rexistro 902, para a ampliación do saneamento en sigras de abaixo (sigras) e frais (cecebre) da citada obra: Propietario do metálico: Afigal; Garantido: Construcións J.Mauri e Hijos S.L. Importe: 1.003,82 euros; Data presentación: 08/08/2019.*
- 4. Unha vez finalizado o prazo de garantía de cinco anos contados desde a recepción da obra establecido no contrato, non consta no expediente ningunha documentación nin reclamación formulada polo Concello de Cambre á empresa adxudicataria, nin se detectaron incidencias técnicas ou contractuais que poidan derivar en responsabilidades pendentes.*
- 5. Por parte do informante non se formula ningunha obxección, polo que pode considerarse extinguida a responsabilidade do contratista, e levarse a cabo a devolución do depósito da garantía definitiva por importe de 1.003,82 euros e a garantía complementaria por importe de 1.003,82 euros.*

(…)

Visto o **INFORME DE INTERVENCIÓN REFERENCIA DEVOLUCIÓN GARANTIA AMPLIACIÓN SANEAMIENTO SIGRÁS DE ABAIXO (SIGRÁS) E FRAIS (CECEBRE) 2018**, emitido pola Interventora

accidental Sonia Machín Herranz, de data 20 de maio 2026, (CVD: mv2kyf430x1CfCbo3qaf), no que entre outras cousas di:

“(…)

III- CONSIDERACIONES:

Primeira: Responsabilidades a que están afectas as garantías.

O artigo 110 da LCSP dispón:

“La garantía definitiva únicamente responderá de los siguientes conceptos:

- a) De la obligación de formalizar el contrato en plazo, de conformidad con lo dispuesto en el artículo 153.*
- b) De las penalidades impuestas al contratista conforme al artículo 192 de la presente Ley.*
- c) De la correcta ejecución de las prestaciones contempladas en el contrato incluidas las mejoras que ofertadas por el contratista hayan sido aceptadas por el órgano de contratación, de los gastos originados a la Administración por la demora del contratista en el cumplimiento de sus obligaciones, y de los daños y perjuicios ocasionados a la misma con motivo de la ejecución del contrato o por su incumplimiento, cuando no proceda su resolución.*
- d) De la incautación que puede decretarse en los casos de resolución del contrato, de acuerdo con lo que en él o en esta Ley esté establecido.*
- e) Además, en los contratos de obras, de servicios y de suministros, la garantía definitiva responderá de la inexistencia de vicios o defectos de los bienes construidos o suministrados o de los servicios prestados durante el plazo de garantía que se haya previsto en el contrato”*

Segunda: O prazo de garantía

O artigo 111.1 LCSP determina que: *“La garantía no será devuelta o cancelada hasta que se haya producido el vencimiento del plazo de garantía y cumplido satisfactoriamente el contrato de que se trate, o hasta que se declare la resolución de este sin culpa del contratista”*

A cláusula 27 das dos PCA (CVD: RWR4815J9J6JTSWvZDgm) dispón que:

“27. Recepción y plazo de garantía.

El contrato se entenderá cumplido por el contratista cuando este haya realizado, de acuerdo con los términos del mismo y a satisfacción de la Administración, la totalidad de la prestación, de conformidad con lo previsto en el artículo 210 de la LCSP.

El contrato tendrá un plazo de garantía de un mes a partir de la fecha en que se efectúe el acto formal haciendo constar que se realizaron satisfactoriamente todos los trabajos correspondientes al objeto del contrato.

Transcurrido dicho plazo sin que el Ayuntamiento formulase objeción alguna, quedará extinguida la responsabilidad del contratista.

Si durante el plazo de garantía se acreditara la existencia de vicios, defectos u omisiones en las obligaciones a su cargo o en los trabajos efectuados, el órgano de contratación tendrá derecho a reclamarle al contratista que los enmiende.

Finalizado el plazo de garantía sin que la Administración hubiera formalizado alguno de los reparos o la denuncia referida, el contratista quedará exento de responsabilidad por la prestación efectuada.

Después de cumplido el objeto del contrato y prestada la conformidad por la Administración, se le dará curso a la cancelación de la garantía definitiva.”

Terceira: O informe asinado o 20.04.2026 (CVD: BBXUizhnTIOLzd0mHgqP) polo polo enxeneiro técnico municipal de Obras Públicas .

De conformidade co informe asinado o día 20.04.2026 (CVD: BBXUizhnTIOLzd0mHgqP) polo enxeneiro técnico municipal de Obras Públicas, Rubén Jiménez Paradelo no que dí:

“ 4. Unha vez finalizado o prazo de garantía de cinco anos contados desde a recepción da obra establecido no contrato, non consta no expediente ningunha documentación nin reclamación formulada polo Concello de Cambre á empresa adxudicataria, nin se detectaron incidencias técnicas ou contractuais que poidan derivar en responsabilidades pendentes.

5. Por parte do informante non se formula ningunha obxección, polo que pode considerarse extinguida a responsabilidade do contratista, e levarse a cabo a devolución do depósito da garantía definitiva por importe de 1.003,82 euros e a garantía complementaria por importe de 1.003,82 euros.”

Cuarta: Extremos obxecto de comprobación

- ✓ O informe técnico é favorable á cancelación ou devolución, por transcorrer o prazo de garantía e realizarse a prestación a plena satisfacción.
- ✓ A garantía non está afecta o cumprimento das penalidades impostas ao contratista
- ✓ A garantía non está afecta o cumprimento de obrigacións derivadas do contrato, gastos orixinados á Administración por demora do contratista no cumprimento das súas obrigacións e dos danos e prexuízos ocasionados á mesma con motivo da execución do contrato ou no suposto de incumprimento do mesmo sen resolución
- ✓ A garantía non foi incautada por resolución do contrato
- ✓ Non constan ordes de embargo de autoridades xudiciais ou administrativas, sobre créditos pendentes

IV- CONCLUSION:

Infórmase **favorablemente** a devolución das dúas garantías depositadas por “Construcciones J. Mauri e Hijos, S.L.”, a garantía definitiva por importe de 1.003,82 euros e a garantía complementaria polo mesmo importe de 1.003,82 euros. correspondentes á Contratación da Ampliación do saneamento en Sigrás de Abaixo (Sigrás) e Fraís (Cecebre), adxudicada pola Xunta de Goberno Local o día 12.11.2019.

E para que conste e surta os efectos oportunos, expido e asino o presente informe en Cambre na data que figura na marxe.

(...)”.

Visto canto antecede, e vista a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 391/2025, do 30 de abril, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro: Devolver a garantía definitiva constituída mediante aval de Afianzamientos de Galicia, Sociedad de Garantía Recíproca (AFIGAL, S.G.R.) pola entidade “Construcciones J. Mauri e Hijos, S.L.”, con B15261308, por importe de 1.003,82 euros no expediente número 2018/C003/000006, para a obra “AMPLIACIÓN DO SANEAMENTO EN SIGRÁS DE ABAIXO (SIGRÁS) E FRAIS (CECEBRE)”.

Segundo: Devolver a garantía complementaria constituída mediante aval de Afianzamientos de Galicia, Sociedad de Garantía Recíproca (AFIGAL, S.G.R.) pola entidade “Construcciones J. Mauri e Hijos, S.L.”, con B15261308, por importe de 1.003,82 euros no expediente número 2018/C003/000006, para a obra “AMPLIACIÓN DO SANEAMENTO EN SIGRÁS DE ABAIXO (SIGRÁS) E FRAIS (CECEBRE)”.

Terceiro: Notificar este acordo ao interesado e dar traslado do mesmo a Intervención e Tesourería municipais.

De conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, estes acordos poñen fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderán recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo ante a señora alcaldesa (artigo 124 da Lei 39/2015 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo perante a Sección do Contencioso Administrativo do Tribunal de Instancia da Coruña ou a Sala do Contencioso- Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa); todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.”

Non producíndose intervencións a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta do concelleiro delegado da Área de Economía, Facenda, Contratación, Réxime Interior e Desenvolvemento Económico de data 29 de maio de 2026 (CVD: zPQc5uo+KB5XEhZrQgPI), resultando aprobada por unanimidade, polo que devén en acordo nos termos anteriormente transcritos.

3.3. PROPOSTA RELATIVA Á DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA CONSTITUÍDA PARA A OBRA “MELLORA DA PAVIMENTACIÓN NO PASEO DA BARCALA E O CAMIÑO DO POMBO”. EXPEDIENTE NÚMERO 2019/C003/000002

A Presidencia somete a debate e consideración da Xunta de Goberno Local a proposta do concelleiro delegado da Área de Economía, Facenda, Contratación, Réxime Interior e Desenvolvemento Económico de data 29 de maio de 2026 (CVD: ck1ViBvcpNbPcwTHpLHv), que transcrita di:

“PROPOSTA DO CONCELLEIRO DELEGADO DA ÁREA DE ECONOMÍA, FACENDA, CONTRATACIÓN, RÉXIME INTERIOR E DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO

Visto que a Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria de data 4 de agosto de 2020, adoptou, entre outros, o acordo de adjudicar o contrato da obra “MELLORA DA PAVIMENTACIÓN NO PASEO DA BARCALA E O CAMIÑO DO POMBO” incluída no Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de competencia municipal (PLAN ÚNICO DE CONCELLO) POS+2019 da Deputación Provincial da Coruña, a prol do licitador “Excavaciones y Obras Candal, S.L.”, no importe 53.402,12 euros IVE incluído (44.133,98 euros sen IVE), formalizándose o contrato administrativo o día 12 de agosto de 2020. Exp: 2019/C003/000002.

Visto que no antedito expediente depositouse unha garantía definitiva constituída mediante aval da entidade Banco Santander, S.A. de data 17 de xullo de 2020 por importe de 2.206,69 € (inscrito no rexistro especial de avais co número 0049-7886-84-2110001207), depositado na Tesourería municipal con data de 20 de xullo de 2020 (núm. rexistro 946).

Visto o escrito presentado por Don José Manuel Candal García, segundo di, en representación da empresa “Excavaciones y Obras Candal, S.L.”, con data 10 de xaneiro de 2022 (núm. de rexistro de entrada 202299900000090) no que solicita a devolución da garantía depositada para garantir a correcta execución do contrato.

Visto o informe asinado polo enxeñeiro técnico de obras públicas municipal interino, don Rubén Jiménez Paradelo, de data 22 de abril de 2026, (CVD: UhBDHfIYU+mEQVauehO3) no que, entre outras cousas, di:

“(…)

INFORME

